

JUAN MANUEL SALGUERO DEL VALLE, SECRETARIO DO CONCELLO DE RIBEIRA (A CORUÑA), DO QUE É ALCALDE-PRESIDENTE D. LUÍS ANTONIO PÉREZ BARRAL,

CERTIFICA:

Que dos antecedentes obrantes nesta Secretaría o meu cargo, desprendese que o Pleno da Corporación, na Sesión extraordinaria organizativa 2023-2027 realizada o día 19 de xullo de 2023, adoptou, entre outros, o acordo que de seguido se transcribe:

5.-DAR CONTA DECRETO NOMEAMENTO DE TENENTES DE ALCALDE

Dase conta e lectura ao Pleno da Corporación dun Decreto da Alcaldía de data **14 de xullo de 2023** sobre o **nomeamento de Tenentes de Alcalde**, co contido seguinte:

“DECRETO DE NOMEAMENTO TENENTES DE ALCALDE

VISTA a celebración das eleccións municipais o día **28 de maio de 2023** e logo de proceder o día **7 de xullo de 2023** á constitución da nova Corporación Local.

En virtude das atribucións que me confiren os artigos 21.2, 23.3 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, os artigos 62 e 63 da Lei 5/97, 22 de xullo, Administración local de Galicia e os artigos 46 e seguintes do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais aprobado por Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro

VISTO o regulamento orgánico municipal (aprobado polo Pleno da Corporación na Sesión Extraordinaria realizada o día 7 de febreiro de 2012, BOP nº 74 de 19 de abril de 2012);

RESOLVO

PRIMEIRO. Designar como **Tenentes de Alcalde** do Concello de Ribeira aos/as seguintes Concelleiros/as:

Primeiro:- Vicente Mariño de Bricio
Segundo:- Francisco Suárez-Puerta Colomer
Terceiro.- Xabier Vidal Peón

Aos/as Tenentes de Alcalde nomeados/as, previa aceptación do seu cargo, correspóndelles en canto a talles, substituír ao Alcalde na totalidade das súas funcións e pola orde do seu nomeamento, nos casos de ausencia, enfermidade ou impedimento que imposibilite a este para o exercicio das súas atribucións.

SEGUNDO. Notificar persoalmente a presente resolución aos/as designados/as, que se considerará aceptada tácitamente, salvo manifestación expresa; e remitir a Resolución de nomeamento ao Boletín Oficial da Provincia de A Coruña para a súa publicación no mesmo, igualmente publicar a Resolución no taboleiro de anuncios do Concello, sen prexuízo da súa efectividade desde o día seguinte da firma da Resolución polo Alcalde.

Así mesmo, estará a disposición dos interesados na sede electrónica deste Concello (dirección <https://www.ribeira.gal>).



La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E700115CB900K4K0P6N2L0U6 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMANTE - FECHA

JUAN MANUEL SALGUERO DEL VALLE-SECRETARIO GENERAL - 21/07/2023
LUIS ANTONIO PEREZ BARRAL-ALCALDE PRESIDENTE - 21/07/2023
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 21/07/2023 12:56:40

EXPEDIENTE ::
2023SECO000007

Fecha: 14/07/2023

Hora: 00:00

Und. reg: REGISTRO GENERAL

CSV: 07E700115CB900K4K0P6N2L0U6



TERCEIRO. Dar conta ao Pleno do Concello desta resolución na primeira sesión que celebre.

O que resolvo e asino, ante mín, o secretario xeral da Corporación, en Ribeira, na data da súa sinatura dixital

O alcalde-presidente

Ante mín, o secretario xeral.

Asdo. Luis Antonio Pérez Barral Asdo. Juan Manuel Salguero del Valle

O Pleno da Corporación queda enterado.

E para que así conste e xurda os efectos oportunos no expediente da súa razón, asino a presente certificación, sen prexuízo da aprobación definitiva da acta que a contén de acordo co disposto no artigo 206 do Real Decreto 2568/86, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, e de orde e co visto e prace do Sr. alcalde-presidente, en Ribeira, na da data da súa sinatura dixital.Vº e Pr.



La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E700115CB900K4K0P6N2L0U6 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMANTE - FECHA

JUAN MANUEL SALGUERO DEL VALLE-SECRETARIO GENERAL - 21/07/2023
LUIS ANTONIO PEREZ BARRAL-ALCALDE PRESIDENTE - 21/07/2023
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 21/07/2023 12:56:40

EXPEDIENTE ::
2023SECO000007

Fecha: 14/07/2023

Hora: 00:00

Und. reg: REGISTRO GENERAL

